

I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA INSTAGRAM FSC-GALICIA

Con motivo da apertura da nosa conta de Instagram, a Federación de Servizos á Cidadanía de CC OO Galicia animámosvos a participardes na primeira edición do Concurso de Fotografía FSC-Galicia

BASES

1. **Participantes.** Poderán participar persoas maiores de idade e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia (a residencia comprobarase co xustificante correspondente antes da concesión do premio). No se admitirán imaxes cedidas por outras persoas, deberán ser de quen as presente.
2. **Temática.** O tema terá que estar relacionado co mundo do traballo desde o punto de vista da xuventude e a súa problemática laboral (traballo precario, bolseiros/as, temporalidade...).
3. **Inscricións. A propia participación constituirase en inscrición.** A participación é gratuíta. Toda a información relativa á participación quedará rexistrada e custodiada na base de datos creada para tal efecto pola FSC CC OO Galicia, conforme á LOPD vixente.
4. **Procedemento.** Para participar no concurso fotográfico FSC CC OO **INSTAGRAM** cómpre seguir os seguintes pasos.
 - Faite seguidor/a da nosa conta.
 - Publica a túa fotografía en aberto no teu perfil de Instagram etiquetándonos **@fscccoogalicia**, **menciónanos cos dous cancelos: #FSCGaliciaCCOO e #concursofotoinstaFSCCCOO** e, en comentarios, nomea dous amigos/as que puidesen ter interese no concurso.
 - Ponlle un título a cada fotografía.
 - O número máximo de fotografías que pode presentar cada participante é de **DÚAS**.
 - Anima as túas amizades a que nos sigan e te voten.
 - As fotografías participantes mostraranse no perfil de Instagram da FSC Galicia, para a súa exhibición e votación popular. Identificaranse co seu título e nome de usuario/a, todo isto co nome da conta.
 - Os premios poden quedar desertos.

5. Prazos de participación

- O concurso comeza ás 00.00 h do día 7 de xaneiro do 2022 e remata ás 00.00 h do día 21 de xaneiro de 2022.
- Todas as fotografías publicadas fóra de prazo non serán admitidas a concurso.
- Só se aceptarán imaxes publicadas en Instagram entre as datas indicadas e que cumpran este punto correctamente.
- Unha vez finalice o concurso, a Federación de Servizos á Cidadanía subirá as imaxes que cumpran as bases á súa conta de Instagram (**@fscccoogalicia**). Isto ocorrerá o luns, 24 de xaneiro do 2022.
- A partir dese momento, ábrese un período de votación popular no que as fotos serán votadas mediante «Gústame».
- A votación pecharase o venres, 28 de xaneiro, ás 00.00 h.

6. Votación popular. As tres fotos que obteñan o maior número de «gústame» na data e a hora de finalización do concurso serán as gañadoras.

O día 31 de xaneiro de 2022, as fotos gañadoras subiranse ao noso Instagram e poñerémonos en contacto coas persoas gañadoras para a entrega dos premios, que se realizará nunha das nosas sedes, subindo a foto ao noso perfil.

Non se poderá conceder máis dun premio ao mesmo participante.

As obras que se publiquen noutras redes sociais e non en Instagram non serán admitidas a concurso.

As fotografías presentadas poderán ser en cor, monocromo, utilizando filtros ou edición. En caso de que algunha das persoas participantes envíe unha cantidade maior de fotografías, a Organización só terá en conta as DÚAS primeiras publicadas baixo estes criterios de participación.

A Organización resérvase o dereito de descartar e excluír do concurso as fotografías presentadas, nos seguintes casos:

1. Fotografías que non cumpran algún dos requisitos de participación.
2. Fotografías que non se adapten á temática do concurso.
3. Fotografías que se considere que poden resultar de mal gusto ou ofensivas polo seu contido.
4. Fotografías que foran premiadas noutros concursos de fotografía ou publicadas en calquera outro medio que non sexa Instagram.

CATEGORÍAS E PREMIOS

1º Premio: 200 euros

2º Premio: 150 euros

3º Premio: 100 euros

TRATAMENTO FISCAL: IRPF

Os premios deste concurso están exentos de retención, en conformidade co artigo 75.2.c do Regulamento do IRPF.

DEREITOS DE AUTOR. Ao participar no concurso, a persoa candidata afirma que a súa obra é un traballo orixinal e individual, que é a única propietaria do traballo e que ningún terceiro é propietario, ten copyright ou marca rexistrada da obra presentada, nin ten dereito ningún de propiedade industrial ou intelectual sobre ela.

A persoa participante asume a responsabilidade por calquera demanda ou reclamación formulada por parte de terceiros sobre vulneración do dereito de propiedade industrial ou intelectual relacionada coa obra presentada.

A participación no concurso implica a **cesión á FSC Galicia** dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública sobre as obras presentadas, de acordo coa lexislación sobre propiedade intelectual.

DEREITOS DE IMAXE. As persoas participantes garanten que as persoas que aparecen nas fotografías presentadas deron o consentimento á súa publicación e que contan coa autorización do pai, nai ou titor/a das persoas menores de idade que poidan aparecer fotografadas. A Organización resérvase o dereito a solicitar a acreditación escrita, se o estima oportuno. FSC GALICIA non se fará responsable de posibles reclamacións de terceiros por este concepto, que, en todo caso, deberán exercerse fronte ao autor ou autora.

CONSIDERACIÓNS ADICIONAIS. As persoas participantes no concurso autorizan a Organización convocadora a exhibir e publicar as fotografías tanto nas súas páxinas oficiais e redes sociais como á súa exposición pública. A Organización do concurso non se fai responsable das imaxes que entreguen as e os participantes ao concurso e que puideren violar dereitos de autor de terceiros; serán as persoas autoras as únicas responsables en caso de reclamación. A Organización resérvase o dereito a modificar, suspender ou interromper esta iniciativa por causas xustificadas ou que contraveñan o espírito do concurso, sen que disto poida derivar responsabilidade ningunha para a FSC Galicia, así como a ampliar ou acurtar os límites de recepción das fotografías. A Organización resérvase o dereito de resolver calquera conflito que poida xurdir na interpretación destas Bases ou durante a realización do concurso. A participación neste concurso implica a aceptación total das Bases. Toda a información, novidades, cambios,

premios, proxección, etc. sobre o concurso serán publicados na web e redes sociais de FSC Galicia.

INFORMACIÓN ADICIONAL. Para calquera dúbida, consulta ou aclaración, dirixirse a: comunicación.fsc@galicia.coo.es.